A cantidade total do orzamento de 2017 para gratificacións por horas extraordinarias da Policía Local ascende a 20.000,00 €. Un incremento dela en 38.913,65 €, levaríaa ata un importe de 58.913,65 €.

O informe de Intervención remata coa consideración de que se poida chegar en gratificacións ata o importe que se determine sen un expediente de modificación de créditos que lle corresponda aprobar ao Pleno, de non ser este necesario.

En consecuencia, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

Determinar como cantidade global orzamentaria destinada á asignación de gratificacións aos funcionarios da Policía Local do Concello de Monforte de Lemos, a de CINCUENTA E OITO MIL NOVECENTOS TRECE EUROS CON SESENTA E CINCO CÉNTIMOS DE EURO (58.913,65 €), cantidade que se pode obter por bolsa de vinculación de créditos ou por transferencia de créditos que non requira aprobación plenaria."

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que non pensaba intervir, porque van apoialo, pero quere destacar que en persoal non convoca prazas e está este maior gasto. Vén de dicir que este Grupo votou en contra da obra do río, cando este Grupo alertou de que se estaba a punto de perdela e houbo un Pleno urxente para salvala. Este Grupo fixo todo o contrario, a obra do río está aí porque este Grupo alertou.

Do Sr.Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que lle di á anterior interveniente que escoite as gravacións e lea as actas. Mire as votacións que houbo e verá como foi que se salvou in extremis a obra. A Policía Local leva anos sen un Oficial e hai casos de segunda actividade. Á vacante de Inspector, ninguén pode acceder agora. Para seleccionar tres vacantes de Policía, non podemos aínda, ata que se resolva a de Oficial. Hai un Decreto sobre policías, pero non di nada sobre as policías locais, só é para outras, nomeadamente a vasca. Ata que se aproben os presupostos do Estado, non podemos, ese é o motivo. O que se pretende é sacar tres prazas e esperar pola de Inspector.

5. BONIFICACIÓN NA COTA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Comisión Especial de Contas. En base a dito ditame, acórdase o seguinte:

"Logo de comprobar solicitude de bonificación no Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras que se relaciona:

interesado	NIF	RE	Data	DESCRIPCION OBRA
COLOMER PRIETO ELISA	12726087A	5922	28.04.2017	OBRAS REHABILITACION VIVENDA UNIFAMILIAR RUA CARUDE 91

Logo de comprobar o ingreso realizado polo concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras correspondente á anterior obra:

suxeito pasivo	NIF	situación obra	concesión licencia obras	importe icio
COLOMER PRIETO ELISA	12726087A	RUA CARUDE 91	XGL 12.012.2016 CASAS RIGALL JUAN	2.682,45€

Logo de comprobar o informe emitido pola Oficina Municipal de Rehabilitación que establece que a anterior obra está incluída dentro da actual delimitación de Conxunto Histórico Artístico de Monforte de Lemos.

Logo de comprobar o artigo 103.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais que establece que as ordenanzas fiscais poderán regular unha bonificación sobre a cota de Imposto de Construcións, Instalacións e Obras "de ata o 95% a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico - artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Ao amparo do disposto no referido precepto, o artigo 7º da Ordenanza Fiscal 1.3 reguladora de Imposto de Construcións, Instalacións e Obras establece: " Concederase unha bonificación do 30% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico - artísticas ou de fomento da ocupación que o xustifiquen . Esta declaración corresponderá ao Pleno do Concello e se acordará previa solicitude do suxeito pasivo e co voto favorable da maioría simple dos membros do dito Pleno.

Logo de comprobar o Informe emitido pola Intervención.

Logo de comprobar o artigo 22.2.da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.

O Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

DECLARAR DE ESPECIAL INTERESE A OBRA referenciada e **CONCEDERLLE** unha bonificación do 30% da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras."

(Non houbo intervencións neste asunto)

6. REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E LIMPEZA VIARIA POLO PERÍODO QUE VAI DE SETEMBRO DE 2015 A AGOSTO DE 2017.

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizo. En base a dito ditame, acórdase o seguinte:

"Antecedentes de feito

Primeiro. O 8-09-2010 formalizouse en documento administrativo o contrato de xestión de servizos públicos para a Recollida de Residuos Sólidos Urbanos e Limpeza Viaria, establecendo na súa cláusula segunda que a duración do contrato comezará a contar dende a sinatura da acta de inicio da execución, a cal tivo lugar o mesmo día 8-09-2010.

O contrato adxudicouse definitivamente por acordo da Xunta de Goberno Local de 19-08-2010, establecéndose como data límite de presentación de ofertas o 3-06-2010, polo tanto, dentro do prazo de tres meses desde a finalización do prazo de presentación de ofertas.

Segundo. A cláusula 25ª do prego de cláusulas administrativas particulares dispón que: *"Co fin de asegurar o equilibrio económico da concesión, procederase á actualización do canon anual, conforme ó sinalado nos arts. 77 e seguintes da LCSP. Unha vez finalizado o prazo dun ano e de conformidade co art. 77 da LCSP, poderá producirse a revisión de prezos do presente contrato, aplicándose como índice de revisión as alteracións ata o 85% da variación do IPC que sufra durante a vixencia do contrato tomando como dato de referencia o IPC publicado polo INE no mes da sinatura do contrato conforme ás regras de cálculo establecidas no art. 78.3 da LCSP... ".*

Terceiro. Acordo do Pleno da Corporación de 26.1.2015 polo que se presta aprobación á revisión de prezos do contrato polo período que vai de Setembro 2014-Agosto 2015.

Consideracións xurídicas

Primeira. Réxime xurídico.

A D.T.1ª do RD 3/2011 dispón:

"1. Os expedientes de contratación iniciados antes da entrada en vigor desta Lei rexeranse pola normativa anterior. A estes efectos entenderase que os expedientes de contratación foron iniciados se se publicou a correspondente convocatoria do procedemento de adxudicación do contrato. No caso de procedementos negociados, para determinar o momento de iniciación tomarase en conta a data de aprobación dos pregos.

2. Os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei rexeranse, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior."

De acordo co artigo citado o presente expediente réxese pola seguinte normativa.-

- Os artigos 77 a 82, e a Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- A Disposición Transitoria Primeira do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Os artigos 104 a 106 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas.
- Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación.

Segunda. Procedemento xeral de revisión.

O artigo 77 LCSP establece que salvo que os pregos previsen a improcedencia da revisión, a revisión de prezos dos contratos administrativos procede en todos os contratos (excepto os de arrendamento financeiro, arrendamento con opción de compra e menores), conforme se estableza nos pregos, sempre que se executou o 20 % do importe do contrato e transcorrese un ano desde a súa adxudicación. Tanto o primeiro 20% como o primeiro ano de execución quedarán excluídos de revisión. A improcedencia de revisión de prezos deberá acordarse por resolución motivada do órgano de contratación. **Nos contratos de xestión de servizos públicos esixirase que transcorrese un ano, sen que sexa necesario que se executase o 20% do contrato.**

O prego de cláusulas administrativas particulares ou o contrato deben detallar, no seu caso, a fórmula ou o sistema de revisión aplicable.

O artigo 78.3 LCSP dispón que cando o índice de referencia que se adopte sexa o Índice de Prezos ao Consumo elaborado polo Instituto Nacional de Estatística ou calquera dos índices dos grupos, subgrupos, clases ou subclases que nel se integran, a revisión non poderá superar o 85% de variación experimentada polo índice adoptado.

Como xa expuxemos a cláusula 25ª do PCAP remítese os disposto nos citados preceptos.

Terceira. Contía da revisión de prezos.
De acordo co recollido no artigo 77 da LCSP que regula a procedencia e límites da revisión de prezos, e segundo a cláusula 25 do Prego de Condicións que rexe o contrato que establece a revisión de prezos do contrato segundo o IPC "... Co fin de asegurar o equilibrio económico da concesión, procederase á actualización do canon anual, conforme ó sinalado nos arts. 77 e seguintes da LCSP. Unha vez finalizado o prazo dun ano e de conformidade co art. 77 da LCSP, poderá producirse a revisión de prezos do presente contrato, aplicándose como índice de revisión as alteracións ata o 85% da variación do IPC que sufra durante a vixencia do contrato tomando como dato de referencia o IPC publicado polo INE no mes da sinatura do contrato conforme ás regras de cálculo establecidas no art. 78.3 da LCSP...", proceder a actualizar o IPC a empresa Fomento de Construcciones y Contratas S.A de acordo co seguinte:

		IPC SET14-AGO15	IPC SET15-AGO16
	IPC	-0,60%	0,20%
	85% IPC	-0,51%	0,17%
	2014-2015	2015-2016	2016-2017
BASE ANO	1.566.027,60	1.558.040,83	1.560.689,50
IVE 10%	130.502,30	155.804,08	156.068,95
TOTAL ANO	1.722.630,36	1.713.844,91	1.716.758,45
TOTAL MES	143.552,53	142.820,41	143.063,20

Así mesmo determínanse os atrasos correspondentes ós meses de setembro 2015 a maio 2017 a devolver pola empresa:

ATRASOS	Mensual	Meses	Total
setembro 2015 - agosto 2016 (142.820,41-143.552,53)	-732,12	12	-8.785,45
setembro 2016 - maio 2017 (143.063,20-143.552,53)	-489,33	9	- 4.403,94

Cuarta.- Competencia do órgano de contratación.

O órgano competente para resolver sobre a revisión de prezos é o Pleno en virtude da Disposición Adicional 2ª do prego de cláusulas administrativas particulares reguladores do contrato.

Polo exposto, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a revisión de prezos do contrato de xestión do servizo público de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos e Limpeza Viaria solicitada por FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A, polo período que vai dende Setembro de 2015 a Agosto de 2017 nos termos exposto no corpo do presente escrito.

SEGUNDO. Notificar o acordo que se adopte a FCC,S.A; á Intervención Xeral municipal e á Tesouraría Municipal, aos efectos oportunos."

(Non houbo intervencións neste asunto)

7. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP RELATIVA Á ELABORACIÓN DUN REGULAMENTO DE HONORES E DISTINCIÓNS.

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e cun engadido tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.
En data reciente, un dos tres candidatos á secretaría xeral do PSOE, visitou a nosa cidade, no marco da campaña que para as primarias do seu partido están levando a cabo os distintos candidatos.

No caso do Sr. Pedro Sánchez, foi recibido no Concello polo Sr. Alcalde e invitado a firmar no Libro de Honra da cidade.

E propio de toda sociedade civilizada recoñecer os méritos dos seus conciudadanos, agradecer servizos ou resolucións de problemas de especial entidade, donacións ou actuacións de todo tipo que resultaran especialmente beneficiosas para a cidade.

Non se coñece mérito algún ou vínculo de ningún tipo do Sr. Pedro Sánchez, con relación a Monforte, que o faga merecedor da especial distinción que supón firmar no Libro de Honra da Cidade.

A finalidade deste Reglamento, non sería só determinar os criterios para otorgar recoñecementos e distincións da cidade, senon evitar usos abusivos ou partidistas como o que o Sr. Alcalde ven de facer co Libro de Honra da cidade.

Debe servir para regular honores e distincións, destiñados a premiar especiais merecementos, cualidades ou circunstancias singulares que tiveran unha repercusión especialmente favorable para a cidade, e que se podrían concretar, na nomenclatura de edificios, vías e prazas públicas, no outorgamento da Medalla da Cidade, na concesión do título de Fillo Predileto ou Fillo Adoptivo, ou diploma de servicios distinguidos á cidade de Monforte.

Tamén debería servir para recoller os méritos que permitan designar cargos personais e honoríficos como o de Cronista Oficial da Cidade.

O Reglamento, debe recoller tamén cales son os símbolos da cidade, e as circunstancias do uso dos mesmos. De feito, é preciso recuperar o uso do Escudo oficial da cidade, aprobado por Decreto da Xunta de Galicia, que nos últimos tempos foi sistemáticamente sustituido por un trazo que representa unha torre e unha ponte, sin que lle conste a este grupo, razón ou acordo polo que sistemáticamente se ven sustituíndo o escudo oficial da cidade por ese outro símbolo.

Monforte conta cun escudo que recolle elementos propios da sua historia, que contou co preceptivo informe histórico-heráldico, e por tanto, debe ser empregado como un dos símbolos da cidade, recuperando o seu valor.
Este Regulamento, debe servir para regulamentar outros elementos relacionados con actos ou visitas oficiais á Casa Consistorial, actos oficiais da Corporación, a tramitación dos expedientes e ceremonias de concesión de distincións, etc.

Por todo isto, o Pleno da Corporación, por dez votos a favor (Grupos do PP e do BNG), seis votos en contra (Grupo Socialista) e unha abstención (Grupo de Esperta Monforte), adopta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Que se proceda a elaborar un Regulamento de Protocolo, Honores, Distincións e Ceremonial do Concello de Monforte, que regule os extremos recollidos na parte expositiva desta moción.

SEGUNDO.- Que se proceda á recuperación do Escudo oficial do Concello de Monforte de Lemos, aprobado por Decreto da Xunta de Galicia de 25 de abril de 2002, facendo uso do mesmo como símbolo identificativo da cidade, sen excluír o uso do logotipo."

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que o outro día non dixo a verdade sobre o do IBI no Plan de axuste, e non deixou intervir á Interventora. Hoxe o do río, detalle a acta na que se reflicte, son consciente de cómo foi. A moción é porque é xusto recoñecer méritos. Nesta petición, non só está a maneira de atendelos, está tamén o escudo regulamentariamente aprobado por Decreto. O que desencadeou isto é que recentemente a un candidato socialista deuselle acceso ao libro que está para determinadas relacións coa cidade. Teñen asinado diversas personalidades, por exemplo un congresista americano que tiña que ver con Monforte. O libro está para sinaturas especiais. Esperamos o apoio do resto dos Grupos.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que o motivo fundamental desta moción foi a visita do candidato que ganou a secretaría xeral do PSOE. Ese mesmo día por wasap felicitei ao Alcalde, que o apoiou, pero tamén expresei o meu desacordo coa súa firma no libro de honra. Hai outras ordenanzas máis importantes, a do mercadiño por exemplo. Teño unha proposta de engádega, por visitas doutras administracións, que esta portavoz ve despois que se é a Xunta, aparece o PP con eles. A proposta é "instar ás administracións –Xunta, Deputación, Goberno central- que cando haxa visitas de inauguracións, de presentar proxectos, etc., que non sexan de índole privada, sexan invitados tódolos portavoces e o Alcalde".

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que vai distinguir os dous puntos da moción. Sobre o primeiro, a visita de Pedro Sánchez foi un uso partidista da institución, era un militante en campaña electoral. Tamén veu Patxi López, que foi lehendakari, e non foi recibido igual. Susana Díaz estivo en Lugo no Hotel Torre de Núñez, non no Concello. Se houbese sentido común, non sería preciso o regulamento. Temos cousas máis importantes, e outras ordenanzas importantes

pendentes. Que diría vostede se actuásemos así outros grupos políticos? Ínstoo a que diga en que casos nós fixemos este uso partidista. Non nos imos opoñer ao punto 1. O punto segundo é sobre o escudo. Non sei se o que propón é que se desbote o motivo da torre. O logotipo é marca do Concello, recoñecido xa en xeral, saíu dun concurso cando estaba Nazario Pin. En 1996, a placa de Abeleda levou o logotipo. En 1997, a fonte de Moreda, o mesmo. Non están rifados. No segundo punto debería reformarse a dicción, non ten por que ser sempre o escudo. Na torre, é recoñecido Monforte por toda a poboación.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que este equipo de goberno recibe a todos co mesmo tratamento. Encántannos as visitas de persoas de tódalas ideoloxías. Comprendo a predilección do PP por estas cousas das honras, pero hai cousas máis importantes. Non é o mesmo cando se está na oposición que no goberno, aínda que me custa entender no libro firmas e caligrafías. Non consideramos prioridade regular isto, dámoslle preferencia a servizos sociais, investimentos, tecido produtivo. Vostede é unha muller de heráldica. Di do aire que lle dá ao Alcalde por gastar un millón de euros, o aire é para vostede nisto. O escudo segue aí, non entendemos que é recuperalo. Patxi Vázquez tamén foi recibido.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que claro que hai cousas máis importantes. Non sei que é iso da heráldica e máis eu. Recuperemos o uso do escudo, porque é tan minoritario que moitos deben pensar que o escudo é a torre. Hai que ver criterios obxectivos. Por exemplo, hai foto para tódolos Alcaldes, pero ademais hai casos concretos de busto por exemplo. A emenda de Esperta Monforte sobre convocar cando hai visitas, se o acto ten condición pública, faise co Alcalde. Cando é privado, non iremos a convocala a un mitin, se o dá un conselleiro. Iso hai que dicirllo ao Alcalde, despois explícollo.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que sabe distinguir as visitas privadas ou de partido. Refírome á inauguración de obras ou á presentación de proxectos, vexo na prensa ás veces ao Alcalde, pero sempre a vexo a vostede, e non é un acto de partido. Para o mitin, non necesito que me convoque. Di vostede que me dirixa ao Alcalde, o texto que propoño é "instar ás administracións".

De Dna. Pilar López Martínez, que di que o que si que non entende por relación institucional é a dun candidato ás primarias dun partido político. Ten truco que o Alcalde non saiba a que escudo nos referimos. Non sei se dixen Patxi Vázquez, é López, o que foi lehendakari. Non lle fixo as mesmas honras. Pregúntalle á portavoz do PP se modifica algo a literatura do 2º punto do acordo da moción.

De D. Iban Torres Rodríguez, que di que Patxi López foi recibido aquí. Dixen Vázquez por erro. Imos votar en contra, hai cuestións máis relevantes.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que claro que hai cousas transcendentes, pero non lle parece cuestión menor o patrimonio cultural ou tamén a heráldica. A emenda de engádega non é para nós, recordo respecto a cando veñen aquí outras administracións, a polémica cando foi o do BIC. Atopeime aquí o outro dia á Valedora do Pobo, ninguén foi convidada, nin vostede nin eu. Cando é institucional, hai que regulalo para gardar as formas. Sobre as inauguracións de obras, non poden ser previamente ás eleccións. A redacción da petición é compatible co que di o BNG. Non excluímos o trazo da torre, pero que non se arrecunche o escudo.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que tal como está redactado, entende que é eliminar a torre.

(Hai un diálogo entre as portavoces do PP e do BNG, que remata por engadir ao segundo punto do acordo da moción *"sen excluír o uso do logotipo"*).

8. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP RELATIVA A GARANTIR A TRANSPARENCIA E A PARTICIPACIÓN DE TODOS OS GRUPOS POLÍTICOS NA XESTIÓN MUNICIPAL.

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse Dna. Alicia Cadarso Palau, Dna. Pilar Espinosa Novelle e Dna. Gloria Prada Rodríguez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada desfavorablemente pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Comisión Especial de Contas. En base a dito ditame, cun prazo incorporado polo Grupo propoñente, tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS
O 13 de xuño de 2015 constituiuse unha nova Corporación Municipal, procedéndose, tamén, á elección dun novo Alcalde.

Dende entón, o goberno susténtase nun grupo municipal composto por 6 concelleiros, dos 17 que conforman a Corporación, de maneira, que non acadan os votos suficientes para obter a maioría absoluta do Pleno e polo tanto tamén á maioría de representación dos cidadáns de Monforte.

Pola contra, a representación maioritaria reside nos partidos que non forman parte do goberno municipal.

Neste tempo, temos asistido a actitudes irracionais do Alcalde, como a relacionada co uso do baixo do antigo Hotel Comercio, a propostas de acordo con concesionarias municipais, claramente perxudiciais para o Concello, como o acordo que prantexou con Aqualia; á realización de obras, con cargo os recursos municipais, que lle correspondía asumir á citada concesionaria, como a renovación da rede na rúa Corredoira; tamén temos asistido a propostas feitas polo rexedor que eran contrarias á legalidade como a que propuxo en relación as parcelas do polígono do Reboredo.

Asistimos frecuentemente a unha actitude do alcalde como se fose un rei absolutista, de maneira que a pesares de contar con unha mínima representación no conxunto da Corporación, insiste en non dar cumprimento aos acordos plenarios, mesmo os que son competencia do Pleno.

Recentemente, ven de amosarnos outro exemplo desa actitude coactiva cos grupos na oposición. A necesidade de aprobar un plan económico financeiro, como consecuencia de que ten gastado mais dun millón de euros por riba do límite que tiña para cumprir a regra de gasto; o feito de propoñer para aprobacion un plan sen medida algunha, no prazo de presentación, e deixalo correr ata dous meses despois cando o prazo para aprobación xa esté rematado, acusando así a oposición das consecuencias da falta de aprobación de ser o caso, dan conta da forma en que este Alcalde está exercendo o seu mandato, mesmo en contra dos intereses da cidade.

Por todas estas razóns, e polos danos que a actitude irracional do Alcalde pode xerar para o futuro da cidade, parece urxente, a fin de controlar e fiscalizar axeitadamente a toma de decisións do goberno, sobre todo tendo en conta o incumprimento da regra de gasto no exercicio pasado; para garantir unha maior participación dos restantes grupos políticos que representan á maioría absoluta da cidadanía, así como para darlle un maior coñecemento e importancia aos asuntos de xestión ordinaria do concello, que as competencias que a normativa vixente establece como propias ou potestativas do Pleno da Corporación sexan competencia deste órgano colexiado.

É por isto que consideramos que o Pleno debe recuperar todas as competencias que lle sexan propias tal e como establece a lexislación vixente.

Deste xeito, coas modificacións que se propoñen, eliminaríase a actitude prepotente e carente de consensos do Alcalde que vimos padecendo, aumentaríase de forma significativa a participación dos restantes grupos políticos, e xa que logo dos veciños aos que representan na vida política municipal e permitiríase un mellor control de eficacia e eficiencia na xestión do gasto público.

Por todo isto, o Pleno da Corporación, por once votos a favor (Grupos do PP, do BNG e de Esperta Monforte) e seis votos en contra (Grupo Socialista), adopta o seguinte

ACORDO

Instar ao Alcalde a formar expediente no prazo de quince días, a efectos de:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación das Bases de execución do orzamento para o exercicio 2017 nos termos que se reflicten de seguido:

1- Na Base de Execución 2ª.2 sustitúese o seu contido íntegro polo seguinte:
"As dúbidas que poidan xurdir na aplicación destas bases serán resoltas polo Pleno da Corporación por proposta da Alcaldía, logo do informe previo da Intervención xeral, e da Secretaría xeral cando proceda"

2- Na Base 10ª.- Procedemento Simplificado. Sustituirase o seu primeiro párrafo polo seguinte: Todalas modificacións orzamentarias que se tramiten por este procedemento serán aprobadas polo Pleno.

3.- Na Base 11ª.- Créditos ampliables:
Sustituirase a expresión "e resolverase mediante Acordo da Alcaldía-Presidencia, órgano competente", polo seguinte parágrafo: "A aprobación do expediente corresponde ao Pleno da Corporación.

4.- Na Base 12ª.- Transferencias de crédito:
Sustituirase a expresión "Acordo da Alcaldía-Presidencia, órgano competente", polo seguinte parágrafo: "A aprobación do expediente corresponde ao Pleno da Corporación."

5.- Na Base 13ª.- Xeracións de créditos:
Sustituirase a expresión "Xuntarase ó mesmo o acordo da Alcaldía-Presidencia, órgano competente", polo seguinte parágrafo: "A aprobación do expediente corresponde ao Pleno da Corporación."

6.- Na Base 14ª.- Incorporación de remanentes de crédito:
Sustituirase a expresión "O expediente será aprobado polo Sr. Alcalde-Presidente", polo seguinte parágrafo: "A aprobación do expediente corresponde ao Pleno da Corporación, con informe previo da Intervención."

SEGUNDO.- Dispoñer a publicación do presente acordo de modificación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

TERCEIRO.- Aprobar a revocación de cantas disposicións se opoñan ao disposto na presente proposta de acordo.

CUARTO.- Aprobar, con carácter xeral, a expresa revocación de cantos acordos tivera adoptado o Pleno do Concello de Monforte polo que delegase o exercicio de calquera competencia ou atribución."

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que tal como foi ditaminada a moción na Comisión informativa, co engadido ao inicio do acordo, modifica ese inicio para que quede así: *"...a formar expediente no prazo de quince días a efectos de:"*. Explica o relacionado co PEF e co exceso de gasto. O Alcalde incumpre moitos acordos: venda ambulante e no Parque dos Condes, RPT, Regulamento orgánico, etc. Hai moitos casos de cambios de partidas no orzamento. Neste mesmo Pleno,

dáse conta dun Decreto de transferencias porque o prevé as Bases de execución. Queremos que as competencias do Alcalde que agora figuran nas Bases de execución, vaian ao Pleno. Houbo certa polémica, se é legal, se hai que cambialo, é unha interpretación. Non se confunda co engadido, a competencia é do Pleno e vostede debe executalo. A proposta é legal e correcta, co engadido por criterio do Secretario. Hai sentenzas sobre a competencia plenaria indubidable. Se se incumpre, non é como outros casos. Para evitar excesos de gasto e demais, apoien esta proposta do Partido Popular.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que pediu na Comisión informativa o pronunciamento da Interventora. Non sei se o Alcalde ten a ben que a Interventora clarifique o que isto suporía. Se iso non se produce, vostede non pode gobernar desta maneira. Non hai moito, a modificación de créditos para a obra do Hotel Comercio, non lla aprobamos e vostede anunciou que xa o acondicionou con diñeiro da Deputación. Ten unha actitude non dialogante e tolerante coa oposición.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que se tamén se recibiu a Patxi López, outro erro, pero na páxina web non figurou nada. Ten feito méritos para esta moción. Hai acordos plenarios dos que o que non lle interesa, non o cumpre. Exemplos: a reforma do Hotel Comercio, dixemos que non porque é un erro, un fracaso, ademais de non escoitar á Asociación do Camiño de Inverno, é prepotente e arrogante co apoio da Deputación, é desprezar o traballo da oposición e do resto de membros da Corporación; non deixa que esteamos nas mesas de contratación, tres veces aprobado; a bonificación do IBI no medio rural, a RPT, o mercadiño do Parque dos Condes, a ordenanza de venda ambulante, etc. De continuar con esta dinámica, terá que haber outro tipo de actuacións. Aos seis meses, tivo orzamento con votación de confianza. Con isto, xa sabemos o que vai facer. Imos votar a favor co de instar a abrir expediente.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di sobre arrogante e prepotente, que mire o pasado. Parece que o Decreto é para o gasto de Sogama e outros pagos xustificados. Isto é un despropósito, cunha xustificación esperpéntica. Son simplemente cousas nas que non se fixo o que vostede quería. Antes destas aventuras, repase a lexislación, e esas sentenzas que di, a ver se existen. Sobre transparencia, vostede estivo en contra de criterios obxectivos autonómicos para os Concellos. Recibe canta documentación solicita, mire en Vilalba, por exemplo. Quere gobernar sendo oposición, igual que a portavoz do BNG. Queren o que non lles deron os veciños nas urnas. Busca enredar en lugar de traballar por Monforte. Non hai ningunha competencia do Pleno delegada no Alcalde, que quere que se lle devolva? Os orzamentos e as súas modificacións, fórmaos o Alcalde. O que pretende é manipular e pon o do millón de euros. Só son atrancos para o goberno que ganou as eleccións. Non se pode contar con vostede para nada construtivo. As competencias que nos dá a lei, seguiremos exercéndoas. Traia o seu programa e executámosllo, pero deixe de enredar, quere gobernar dende a oposición.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que a moción é de Tomé como rei absoluto, agora tamén está Ibán Torres como principiño. Prepotente é o Alcalde cos seus actos e vostede coas súas palabras. Le da Lei Reguladora das Facendas Locais as competencias do Pleno sobre o orzamento. Le da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 17 de xaneiro de 2013, que para as bases non é necesario o informe preceptivo e que se poden modificar directamente polo Pleno.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que isto mesmo foi aprobado no Concello de Ferrol. Mágoa que a Sra. Sestayo non contase cos seus asesores para que non apoiase isto. É legal ou non? Asesore á Sra. Sestayo.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que segundo o portavoz socialista é arrogante e prepotente querer gobernar dende a oposición. Vostede nunca estivo na oposición, pero nós debemos fiscalizar e actuar así. No da rúa Corredoira e Aqualia, menos mal que aí estivemos nós. Abstivémonos no

orzamento. Mariano Rajoy é presidente coa abstención do PSOE. Conten co noso voto a favor da moción.

De D. Iban Torres Rodríguez, que di que no PEF hai informe de Intervención e deulles igual. Esperta Monforte vota case o 90% co PP. Eu non me poño no seu lugar –de Julia Rodríguez-, é vostede a que se pon no meu. Sentenzas hainas de todas as cores. A proposta cambiouna porque só pode instar, todo o demais é manipular. Non ten sentido segundo o presenta, non é vinculante coa lei na man.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que o que o Sr. Torres di, é en clave política, pero debésenos presupoñer rigor. Acusarnos de labor parasitario! Vén a cuestionar os votos. Esperta Monforte non é sospeitosa de coincidir co PP, vota co sentido común en moitas ocasións. O exemplo do Hotel Comercio é moi significativo, dicimoslle moitos que se equivoca, segue nas súas trece, iso que é? Ningunha competencia delegada, non; o outro día na Comisión o Secretario dixo que si. Instar, pero o competente é o Pleno; se incumpre, entón tomaremos medidas. É falta de respecto a esta Corporación e a tódolos monfortinos.

Do Sr.Alcalde, que di que o informe do Secretario é moi claro. Tivo que cambiar o texto para que se puidese tramitar. Se non cambiaba esta iniciativa, non viña ao Pleno. Non sei que interese ten particular no Hotel Comercio. É o noso proxecto e está aprobado por Patrimonio. Quere que eu faga oposición por vostede, que faga un gol en propia meta. Non vou dar ese primeiro paso, porque iso é do Alcalde. Está o artigo 168 da Lei de Facendas Locais; se o Alcalde non o inicia, non hai tramitación. Na Deputación de Lugo, pasou cos presupostos que quixo facer o PP. Vaia ao TSX, a ver se lle dá a razón. Ten dereito a propoñer o que queira e eu a gobernar coa lei na man. Dille á portavoz do BNG qu o lamenta, que cre que está equivocada. Erra nos cartuchos, agradezo a única man que me botou, pero esa rabia, que lle fixen? Teño un concelleiro máis, antes non era así. No anterior mandato, chegou a falar de montóns de cousas sen cumprir, non eran vinculantes. O mesmo o goberno de Rajoy, no Concello é o mesmo. Para non ser arrogante, teño que facerlle caso a vostede. Dixo que ía tomar medidas, tome as que queira. Fala de irregularidades do PEF en nota de prensa, pero se vén informado por Intervención. Imos pagar parte das festas de 2014, e de obras de teatro dese ano, á SGAE. Debería ser máis prudente, non me obrigue a dicir cousas de cando gobernaron.

9. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA A PALIAR AS PERDAS Ó SECTOR VITIVINÍCOLA.

(No debate conxunto deste asunto e do seguinte da orde do día, auséntase e reincorpórase D. Manuel Jesús López Sánchez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias en debate conxunto co seguinte punto da orde do día, acórdase o seguinte:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.
As xeadas acaecidas na última semana produciron graves danos nas denominacións de orixe de viño nas provincias de Ourense e Lugo. Polos datos que nos van chegando o monto global de perdas para o sector vitivinícola pode acadar os 72 millóns de euros, dado que se calcula que se estragaron uns 16,3 millóns de quilos de uva o que supón que non chegarán ao mercado 21,7 millóns de botellas de viño.

Non é unha estimación fiable, non obstante, os danos están á vista, especialmente en Monterrei, Valdeorras e na Ribeira Sacra onde a xeada devastou a maior parte dos racimos xa formados, zonas nas que os produtores e adegueiros se atopan desprotexidos pola perda da colleita para este ano ao non poder cumprir as expectativas de calidade, recolleita e venda.

Esta situación require dunha actuación urxente da Administración para paliar os danos producidos polas temperaturas meteorolóxicas extremas acaecidas, que pon en perigo a supervivencia dun sector económico importante e representativo de Galicia, dada a redución da cantidade prevista para este ano e a baixa calidade da uva que se poida recuperar.

Tendo en conta a importancia do sector no noso Concello, o Pleno Municipal, por doce votos a favor (Grupos Socialista, do BNG e de Esperta Monforte) e cinco votos en contra (Grupo do PP), adopta o seguinte

ACORDO

Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a:

1º) Realizar un estudo que permita a avaliación urxente e inmediata do impacto das inclemencias meteorolóxicas acaecidas nos últimos días, e das perdas económicas ocasionadas de maneira específica aos membros do sector vitivinícola das distintas denominacións de orixe.

2º) Abrir unha orde de axudas, dotada do orzamento suficiente, dirixida fundamentalmente aos membros do sector vitivinícola das diferentes denominacións de orixe, para paliar os danos e realizar os pertinentes traballos de recuperación da colleita naqueles casos nos que aínda sexa posible."

No debate conxunto deste asunto e do seguinte da orde do día, producíronse as seguintes intervencións:

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que le a moción do seu Grupo.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que vai ao tema anterior. (O Alcalde di que debemos tentar cinguirnos ao asunto). Di que o que dixo o Sr. Torres de actividade parasitaria, é unha falta de respecto. Dille ao Sr. Alcalde que non se enfade tanto; se quere, pode imitar ao anterior Alcalde. O Sr. Torres non dignifica ao seu colectivo se di que hai sentenzas a favor sen ter a razón. Pregúntalle ao Alcalde, en canto ao proxecto do Hotel Comercio, que fixo el co do vagón do tren. Nós soubemos escoitar á oposición. Tomou a decisión de non cumprir, pero a oposición somos quen de traelo. Voulle pedir as facturas da SGAE, e por que lle veñen agora. As facturas do ferrocarril véñenlle agora. (Vostede non é alcaldesa, cíngase ao asunto, dille o Alcalde). Le os tres puntos do acordo da súa moción.

Do Sr.Alcalde, que lle di á anterior interveniente que ten dereito á documentación, aquí dáse toda e rápidamente. A SGAE de 2015 e 2016 xa está pagada. (Dna. Pilar López di que xa se presentaría). Que casualidade. O do vagón, foi da campaña electoral, aínda despois viñeron onda min co tema.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que as viñas están moi danadas. Pido o maior consenso para paliar os problemas.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que lle di ao Alcalde que para ser a anterior unha moción que non vai cumprir, moito tempo lle dedicou. Estamos a prol de axudar aos viticultores e aos afectados polas xeadas. O 1º punto da moción do PSOE, fíxose e estase facendo. En canto á moción do BNG, está pendente cuantificar os danos, os puntos 1 e 2 están en marcha. O que queremos é propoñer unha votación por puntos. Para as axudas, temos unha emenda de substitución. Refírese aos puntos da emenda, que vai lendo de forma resumida. (A emenda do PP ten o seguinte contido: *"Instar á Xunta de Galicia a: 1.- Que habilite todos os mecanismos ao seu alcance para que técnicos especializados poidan asesorar convenientemente aos viticultores nas labores de repoda e*

recuperación dos viñedos.- 2.- Que realice todas as actuacións precisas para a consideración das xeadas da última semana de abril de 2017 como "fenómeno climático adverso" na terminoloxía das directrices europeas aplicables, como paso previo á posible concesión de axudas aos productores afectados e destinadas á reparación dos danos causados.- 3.- Que se dirixa ao Goberno español para que o Ministerio de Hacienda tome en consideración os danos causados polas xeadas a efectos de minorar o rendimento resultante do método de estimación obxetiva aplicable no IRPF dos viticultores afectados nos anos 2017 e 2018.- 4.- Que se dirixa ao Goberno español para que a Seguridade Social tome en consideración os danos causados polas xeadas a efectos de establecer bonificacións ou moratorias sen intereses nos pagos a este organismo que deban facer os viticultores afectados, nos anos 2017 e 2018.- 5.-Que en colaboración coas entidades financeiras públicas ou privadas establezan convenios que permitan financiar a perda de ingresos dos viticultores afectados en mais dun 50% da sua producción habilitando préstamos a custe cero e con prazos adecuados de devolución.- 6.- Impulsar de maneira decidida a contratación de seguros contra xeadas e outros riscos excepcionais que afectan as exprotacións agrícolas.- 7.- Que nas axudas para a mellora das explotacións agricolas se prime especialmente a implantación de sistemas antixeadas- 8.- Que nas axudas para a plantación de novos viñedos se conceda prioridade as plantacións que se realicen naquelas zonas que polas suas características de altitude, orientación e ventilación estean menos expostasas xeadas.- 9.- Que na concesión de dereitos de plantación se conceda prioridade as plantacións que se realicen naquelas zonas que polas suas características de altitude, orientación e ventilación estean menos expostas as xeadas."). Esperamos o apoio ao que nós presentamos, que é máis ambicioso.

De D. Iban Torres Rodríguez, que di estar a favor da moción do BNG. Non da emenda do PP, que se vai polas ramas.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que os danos na Ribeira Sacra son abundantes e cuantiosos. Sobre a emenda de substitución do PP, é posible que a Xunta vaia facer todo iso, é unha moción distinta. Cremos que hai que actuar como co pedrazo en 2016. A Conselleira de Medio Rural, Ánxeles Vázquez, dixo que o asegurable non é subvencionable, cómpre unha campaña sobre o seguro privado, pero agora sería discriminar respecto ao pedrazo de 2016. A actitude do PP é contraditoria: estivo en contra dunha iniciativa do BNG no Parlamento, e ao día seguinte, na Deputación de Lugo, está por instar á Xunta. É preciso contar con axudas directas nas Denominacións de Orixe. Os seguros non se adaptan á realidade, resultan caros e logo non responden. Por que en Doade en 2016 si e agora non?

(Dna. Maribel García Díaz renuncia a intervir).

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que as axudas de 2016 non foron directas, e era setembro, eran cuantificables antes da vendima. A situación é diferente agora no mes de maio. A nosa proposta é abrir unha batería de axudas. Podo entender que haxa unha mellora na cobertura dos seguros, pero non diga que non son asumibles economicamente. Habería un agravio comparativo cos que si se aseguraron. Hai que tratar o asunto con prudencia, xa veremos cando sexa a vendima. Hai que cumprir coa lei, dixo o Sr. Torres, aquí tamén.

(D. Iban Torres Rodríguez renuncia a intervir).

De Dna. Pilar López Martínez, que di que non dubida da boa vontade da Xunta, se o PP trae isto e porque irán por aí os tiros. Non é unha emenda de substitución, é unha moción distinta. Por iso, non podemos aceptala. Na Deputación de Lugo instaron esta liña de axudas, en contradición co que fixeron no Parlamento. Non podemos darlle as costas a isto. Para apoiar o rural, segundo di Feijoo, aquí hai unha oportunidade.

10. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DIANTE DOS DANOS CAUSADOS POLAS XEADAS DO MES DE ABRIL NOS CULTIVOS E PRODUCIÓNS AGRARIAS.

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias en debate conxunto co punto anterior da orde do día, acórdase o seguinte:

"Ao longo da última semana do mes de abril, unha inesperada e intensa xeada ocasionou importantes danos nos cultivos e producións agrarias en diversas comarcas do país.

Inicialmente, apreciouse unha forte incidencia no viñedo, principalmente en zonas incluídas no ámbito xeográfico das denominacións do Ribeiro, Ribeira Sacra, Valdeorras ou Monterrei.

Para alén do sector do viño, a xeada tamén afectou gravemente a producións de castaña, pataca ou mel.

No noso concello as perdas afectan sobre todo ás producións de viño e produtos hortícolas, así como árbores froiteiras.

Sen que haxa polo de agora unha valoración polo miúdo dos danos ocasionados, as avaliacións preliminares do sector afectado indican que superan o 50 por 100 da produción de uva, achegándose nalgunhas zonas ao 100 por 100.

Tamén no caso doutras producións citadas, os danos iniciais aprezados superan o 80 por 100 da produción. Ademais, en casos como o da castaña, a forte intensidade das xeadas acaecidas tamén provocaron danos na propias árbores ou plantacións, co que alén de mermar a produción neste ciclo produtivo, tamén pode minguala ao longo dos vindeiros anos até a recuperación completa.

A perda de ingresos que supoñen estes danos poden poñer en risco a viabilidade e supervivencia de moitas explotacións. Tamén implican que no caso de producións que achegaban rendas complementarias moi importantes para soster a economía de vilas e comarcas, haxa unha redución drástica de ingresos que afecte, ademais dos directamente afectados, a toda a economía de amplas comarcas de Galiza.

Finalmente, cómpre destacar que as devanditas producións son vitais para manter actividade e emprego nas zonas rurais do país, e por iso non se trata simplemente de abordar este problema como un auxilio para compensar a perda que vai haber en determinadas producións agrarias, senón un apoio decidido á economía agraria que sustenta a fixación de poboación no rural do país, e con iso o seu futuro.

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, por doce votos a favor (Grupos do BNG, Socialista e de Esperta Monforte) e cinco votos en contra (Grupo do PP), adopta o seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a:

1. Establecer con carácter urxente contactos co sector agrario para a avaliación do territorio afectado polos danos ocasionados polas xeadas nas producións agrarias, principalmente no caso do noso concello que veu afectar o viño, os produtos hortícolas e as árbores froiteiras.

2. Valorar os danos sufridos polas explotacións agrarias.

3. Estabelecer liñas de axuda para apoiar as explotacións afectadas, que abrangan tanto a compensación polas perdas da produción xa previstas para este ano, como as medidas precisas para a recuperación das plantacións afectadas que permitan a plena recuperación da produción no seguinte ciclo produtivo."

11. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O ARRANXO DA MARXE DO RÍO CABE NA ZONA DE CARUDE.

(No debate deste asunto, auséntase e reincorpórase D. Iban Torres Rodríguez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e cunha emenda engadida tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

"Un dos compromisos e dos labores que ten que realizar calquera goberno ou administración é a de manter en boas condicións os espazos públicos.

Actualmente, o tramo do Río Cabe ao seu paso por Carude (achéganse fotos) está nunha situación de deterioro importante.

Por parte da Confederación Hidrográfica levouse a cabo a construción dun muro de contención que actualmente está practicamente derruído.

A situación deste muro de contención fai que cada día o espazo que o comprende estea cada vez en peores condicións, facendo imposible o tránsito polo camiño existente.

Canto máis tempo transcorra ata que se aborde a mellora proposta, máis cara resultará a obra a realizar, pois o curso do río deteriora o espazo cada día que pasa.

En consecuencia e considerando que é necesario abordar a realización da obra para repoñer o muro de contención e recuperar o paso existente é polo que o Pleno da Corporación Municipal, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

1.- A facer averiguación das condicións da autorización dada no seu día para a execución do muro sinalado, por atoparse en dominio público hidraulico, e iniciar as actuacións procedentes en función da información acadada.

2.- Que o Concello comece as negociacións coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil para abordar a obra citada.

3.- Que o Concello comece as negociacións coa Deputación Provincial de Lugo, para abordar a reparación do muro de contención existente na marxe dereita do río Cabe, dende a zona da pérgola ata o acceso á Praza do Custeiro, por corresponderlle a esta entidade a sua conservación."

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que le a moción.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que trouxo xa preguntas sobre outro tramo do río. É necesario que se actúe nisto. Arranxalo en beneficio de todos.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que lamentan que non se tivese aceptado a emenda no debate anterior. Agora tamén compartimos que se arranxe, pero é distinto ao da interpelación de Esperta Monforte. Aquí traemos unha emenda cun punto 2 referido á Deputación.

Respecto á Confederación Hidrográfica, este organismo non fixo o muro, é conveniente averiguar as circunstancias, porque se o muro se fixo sen autorización da Confederación, e lle pedimos a ela isto, ao mellor fai un expediente sancionador. Trátase de asegurarse das circunstancias habidas. Le, e explica, os puntos 1 e 2 da súa emenda. (Son os que quedan aprobados como puntos 1 e 3 do acordo da moción).

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que o voto é favorable. Xa foi prantexado polo Alcalde ao Presidente da Confederación Hidrográfica, respondendo que non ten fondos para isto.

De Dna. Pilar López Martínez, que lle di á portavoz do PP que a información que ten é que o muro fíxoo a Confederación Hidrográfica, sen a certeza de que fose ao 100%, pero está ben que se averigüe. Propoño que a emenda do PP non sexa de substitución, senón que se poña unha coma e se engada o noso. Tamén nos vale o punto 2 da emenda. Dille ao portavoz do PSOE que o de que non hai cartos dito nunha conversa, deberían dicilo por escrito.

(Dna. Maribel García Díaz renuncia a intervir).

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que lles vale a proposta da propoñente. Sería emenda de engádega.

Do Sr.Alcalde, que di que o Presidente da Confederación Hidrográfica dixo que non hai fondos europeos para isto. Tamén verbalmente fixera o da Pinguela a Confederación do Norte.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que se consensuamos isto, mirar a comodidade dos peóns. Agradecer o apoio dos Grupos.

(Sométese a votación, quedando o acordo inicial da moción como punto 2, e como puntos 1 e 3, os puntos 1 e 2 da emenda do PP).

12. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ESPERTA MONFORTE PARA A VALORIZACIÓN E SINALIZACIÓN DOS RECURSOS TURÍSTICOS DE MONFORTE DE LEMOS.

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse Dna. Alicia Cadarso Palau, Dna. Gloria Prada Rodríguez e D. Manuel Jesús López Sánchez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

"Exposición de motivos.

O turismo está regulado pola Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia. Esta lei ten por obxecto principal a planificación, a ordenación, a promoción e o fomento do turismo na Comunidade Autónoma de Galicia e, entre outras administracións, outórgalles aos concellos diferentes atribucións nesta materia.

Entre as diferentes atribucións que esta lei lle atribúe aos concellos, está a de protexer e promocionar os recursos turísticos situados no seu termo municipal.

A este respecto, calquera concello que conteña recursos turísticos e os queira aproveitar para a dinamización deste eido, debería desenvolver aquelas actuacións necesarias para valorizar, facilitar a accesibilidade, documentar, interpretar e sinalizar os ditos recursos.

Sendo Monforte un concello estratexicamente situado: capital da Ribeira Sacra e centro neurálxico do sur da provincia de Lugo, estando tamén ubicado en pleno Camiño de Inverno a Santiago, declarado oficialmente como Camiño Xacobeo, formando parte dun territorio candidato a ser declarado Patrimonio da Humanidade pola UNESCO e dun espazo natural que integra a Rede Natura (LIC Río Cabe), contando cunha ampla oferta de establecementos turísticos e posuíndo un importante patrimonio cultural e ambiental que constitúe, de por si, un recurso de dinamización de moito interese, non pode desaproveitar a oportunidade que lle brinda esta situación privilexiada, podendo convertirse nunha das pezas clave para o desenvolvemento social, cultural e económico deste territorio.

Sen dúbida, o tipo de turismo que máis facilmente pode acoller este concello e, particularmente, a vila de Monforte, é aquel que se enmarca principalmente no que se coñece como "turismo cultural". Este tipo de turismo, xoga un papel moi importante á hora de dar a coñecer, preservar e gozar do patrimonio cultural e monumental que ofrece o Conxunto Histórico de Monforte e os diferentes recursos que o compoñen, especialmente aqueles que están catalogados.

Por todo isto, para que o concello de Monforte desenvolva as seguintes actuacións, o Pleno, por once votos a favor (Grupos de Esperta Monforte, do BNG e do PP) e seis abstencións (Grupo Socialista), adopta o seguinte

ACORDO

1. Determinar os recursos de interese.
2. Valorizalos e documentalos na medida na que o necesiten.
3. Facilitar a accesibilidade a cada un deles.
4. Interpretar e sinalizar de maneira integral e homoxénea a partir dun punto de información permanente."

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que le a moción e o que nela se propón, tras unha breve referencia á importancia do patrimonio e ao próximo Plan Especial. Fai unha consideración adicional sobre o punto de información centralizado.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que teñen traído moitas iniciativas sobre a posta en valor do patrimonio. Hai moitos elementos en Monforte a destacar e a mostrar na súa mellor faciana. Este Grupo está a favor de valoralo. Sobre o Hotel Comercio, o proxecto da Asociación do Camiño de Inverno era ambicioso e non serve o mesmo o que se quere facer. Imos apoiar a moción.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que tamén están a favor do que se formula. Non podería ser doutro xeito, no final do anterior mandato pedimos axuda para sinalizar lugares singulares. Conte co noso voto a favor.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que tanto a Lei de Patrimonio como a norma autonómica, din que a competencia é en primeiro lugar da Xunta. Parécenos ben que a Xunta o faga. O Concello está disposto a colaborar, estamos de acordo co espírito da moción, pero ímonos abster por ser competencia da Xunta, á que lle temos pedido subvención.

De Dna. Maribel García Díaz, que agradece o voto a favor do PP e do BNG. Lamentar a abstención do equipo de goberno. Vemos como hai recursos para outras cousas. Nada en contra de pedir subvencións, tamén á Deputación á que lle pediu para o Hotel Comercio, e non o fai para isto. Estamos a falar de cousas sinxelas. Hai concellos como a Pobra do Brollón, que con bastante menos diñeiro, ten un Plan aportado polo redactor desta moción, que é de alí. Con tódolos respectos á Pobra do Brollón o noso patrimonio non é comparable. Laméntoo. Espero unha partida no próximo orzamento.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que está ben pedir axudas, nas distintas posibilidades coas diversas administracións públicas. Reconsidere, de novo o digo, o proxecto do Hotel Comercio, é unha grande oportunidade que se vai perder. Escoite á oposición e aos veciños de Monforte.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que están a favor. Descoñecemos se a liña de axudas como a solicitada por min o 20 de abril de 2014, seguiu. En todo caso, é importante, independentemente de onde veñan as subvencións. Súmome no de recapacitar sobre o proxecto do Hotel Comercio.

(D. Iban Torres Rodríguez renuncia a intervir).

De Dna. Maribel García Díaz, que di que ela pensa que o Alcalde pensa que o seu é un bo proxecto. O que lle pediamos é que non sexa unha simple oficina. É de lóxica escoitar, sería bo que pensara: é un edificio emblemático que aconsella consenso. O diñeiro gastado no noso patrimonio, moito mellor empregado que outro que se gasta.

Do Sr.Alcalde, que di respecto a subvencións, que a da sinalética xa está rematada, e agora tense solicitado para paneis. O 1% cultural non está convocado, parece que se quere volver convocar. Levan uns oito anos sen facelo.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

13. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se dá conta: 17.04.2017 a 19.05.2017. (E de Resolucións do 5 (dúas), do 6 (dúas), do 11 e do 12 de abril de 2017, pendentes deste trámite).

O Sr.Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, dá conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 17 de abril e o 19 de maio de 2017. así como doutras anteriores, pendentes deste trámite.

14. INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (de 24.04.2017, 27.04.2017, 10.05.2017 e 15.05.2017) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta específicamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

15. DACIÓN DE CONTA DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DO 1º TRIMESTRE DE 2017 E OUTRA INFORMACIÓN DE COMUNICACIÓN OBRIGATORIA AO MINHAFP.

O Pleno queda informado da documentación remitida polo Concello ao Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, a través da Oficina Virtual para a Coordinación financeira coas Entidades

Locais, a efectos de cumprimentar os datos correspondentes a este Concello do 1º trimestre de 2017, dos previstos sobre execucións trimestrais das Entidades Locais.

16. DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O PERIODO MEDIO DE PAGO DO 1º TRIMESTRE DE 2017.

Dáse conta do informe de Intervención sobre o periodo medio de pago (PMP) do 1º trimestre de 2016, segundo ven definido polo Real Decreto 635/2014. O PMP Global resultante do Concello de Monforte de Lemos (en días) é de 3,17.

17. DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DE TESOURERÍA SOBRE CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO E MOROSIDADE, CORRESPONDENTES AO 1º TRIMESTRE DE 2017.

A efectos de cumprir co disposto no artigo cuarto.4 da Lei 15/2010, preséntanse no Pleno os seguintes informes, tanto do Concello como do Instituto Municipal de Drogodependencias, correspondentes ao 4º trimestre de 2016:

- De cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais.
- De morosidade.

18. ROGOS E PREGUNTAS.

1º.- PREGUNTA E PREGUNTA/ROGO PRESENTADAS POR ESCRITO NO PLENO ANTERIOR POLO GRUPO DE ESPERTA MONFORTE.

PREGUNTA.

- Son coñecedores do ilustrado nas fotos? (refírense ao estado das rocas da beira do río Cabe diante do Bar Anchoas)
- Teñen planeado solucionalo? poden informar de cal vai ser o proceso?

Resposta do Sr. Alcalde:

- Somos coñecedores.
- Si. Xa o tiñamos pedido cando o anterior Alcalde. Hai que pedir que o arranxen a Confederación Hidrográfica e a Deputación de Lugo –creo que foi a que recepcionou a obra-.

PREGUNTA E ROGO.

- Ten pensado o equipo de goberno retirar ou solicitar retirar (a quen corresponda) dito cartaz? (refírese ao das obras de reposición dos danos causados pola crecida do Cabe en xaneiro de 2011)
- Se non está nos planes do equipo de goberno rogamos que tomen en consideración retiralo por ter cumplido a súa finalidade informativa dabondo e por non aportar nada máis.

Resposta do Sr. Alcalde:

- Que se retire. Non é obra municipal. É a mesma cousa de antes.

2º.- O Sr. Alcalde di que toma nota do rogo de D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez, do Grupo do PP, efectuado no Pleno anterior, sobre arranxo dun camiño entre Regueiro e Campos.

3º.- PREGUNTA PRESENTADA POR ESCRITO NO PLENO ANTERIOR POLO GRUPO DO PP. (Subscrita por Dna. Purificación Argiz Quintas).

- ¿Cúal es el motivo para no realizar el asfaltado de toda la calle Cobas?

- ¿Qué razón o razones justifican, por parte de este equipo de gobierno la discriminación total y absoluta de los vecinos de dicha calle?
- ¿Por qué se procede al arreglo de la calle en el tramo en el cual no hay ninguna vivienda, o de haberla no tiene entrada por dicha calle, mientras que a los demás vecinos, que sí acceden a sus viviendas por dicha calle se les ignora totalmente?
- ¿Responde esta discriminación vecinal a su programa de gobierno? ¿O es quizás un compromiso personal del señor alcalde con algún vecino en particular?"

Resposta do Sr. Alcalde:
(Di en primeiro lugar que non é certo o de abril de 2016, xa estaba anunciado de antes; débese ver a acta dese Pleno: non foi a instancias da moción do PP).
- O motivo é a dispoñibilidade financeira.
- Cobas é toda a rúa, a parte que se asfaltou e o que vai á Gardería. Dende a rúa Ourense ata Tomás Vázquez, pertence á rúa Cobas. É unha mala pista rural, leva así máis de vinte anos; se alguén discriminou, foi o PP.
- Onde o BuleBule tamén hai veciños. As obras empezan polo principio. Fai unha redacción envelenada e con mala fe. O que lle preocupa parece que é que se faga a obra. O meu compromiso é toda a rúa neste mandato. Ata agora, si foron ignorados os veciños.
- Os meus compromisos son públicos. Arranxamos a rúa e o alumeado.

4º.- PREGUNTA E ROGO FORMULADOS NO PLENO ANTERIOR POLA PORTAVOZ DO GRUPO DO BNG.

PREGUNTA
- Queremos saber se o Sr. Alcalde ten pensado levar a cabo algunha actuación de arranxo na rúa Santo Domingo e, de ser o caso, cando e en que consistiría tal actuación?"

Resposta do Sr. Alcalde:
- Este ano non está prevista.

ROGO
- Que se dirixa á Xunta de Galicia, como titular da Ronda María Emilia Casas Baamonde para que substitúa uns elementos de goma por outros que non provoquen tanto salto, especialmente o instalado en dirección ao Edificio Multiusos partindo da rotonda do Hórreo.
Di o Sr. Alcalde que foi remitido a estradas autonómicas en Lugo.

5º.- PREGUNTA E ROGOS PRESENTADOS POR REXISTRO ELECTRÓNICO POLO GRUPO DO BNG.

(Di o Sr. Alcalde que foi o domingo a entrada por rexistro electrónico, que a el deullas o Secretario este luns ás once da mañá; discute o funcionario co Sr. Alcalde, producíndose un certo rebumbio, co que practicamente rematou a sesión).

- PREGUNTAS SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN DOS COMPROMISOS ADQUIRIDOS NA APROBACIÓN DOS ORZAMENTOS DE 2017 E SOBRE O PROCESO SELECTIVO DAS PRAZAS VACANTES DE POLICÍA LOCAL.

"No pleno do mes de decembro o BNG favoreceu a aprobación dos Orzamentos para o ano 2017 co compromiso de levar a cabo determinadas actuacións no noso concello tanto a nivel de investimento e accesibilidade como a nivel de promoción de emprego e benestar social para solucionar o problema da falta de prazas de gardería.

Ademais no pleno de marzo, o noso grupo municipal, aprobouse unha moción na que solicitabamos a elaboración das bases que regulen o programa para a promoción de emprego no noso concello facilitando un borrador das mesmas co único obxectivo de facilitar o labor da Administración Local coa indicación de que no prazo dun mes estivesen preparadas.
Por este motivo e dado que nada volvemos saber a este respecto e estamos a mediados de ano, formulamos as seguintes preguntas:

1. En que estado se encontra a elaboración do proxecto de HUMANIZACIÓN E RENOVACIÓN INTEGRAL DA RÚA ESTRELA E RÚA DO CONDE, dende o cruce da Rúa Benito Vicetto ata a Gasolineira? Rogámoslle que nos ensine o proxecto antes da súa aprobación definitiva e posterior execución.
2. En que estado de elaboración se atopan as Bases para axudar a novos emprendedores e así favorecer a creación de postos de traballo?
3. Que ten pensado facer para resolver o problema da falta de prazas de gardería?
4. Cando estarán dispoñibles todas estas actuacións?
5. Por outra banda e unha vez que ten finalizado o proceso selectivo dun oficial de Policía Local queremos saber cando vai convocar o proceso selectivo para cubrir as prazas vacantes de axentes da Policía Local? Cantas prazas ten pensado convocar?"

- ROGO SOBRE O ESTADO DALGUNHAS RÚAS QUE PRESENTAN ABUNDANTE VEXETACIÓN.

"Tal como figura nas fotografías que se achegan *(son nove en total)*, existen na nosa cidade moitas rúas (José de Carabantes, Chantada, Ourense, Paredes, Abeledos, Calvo Sotelo, Celso Emilio Ferreiro, etc) nas que medra a vexetación sen ningún tipo de control e sen que ninguén se preocupe de retirala. Mesmo hai algún caso como na rúa Corredoira, na que entre a baldosa e o canalón dalgunha vivenda está en pleno desenvolvemento un pradairo, que de estar noutra ubicación sería conveniente deixalo medrar pola sombra que proporciona, pero neste lugar non se debe permitir polo deterioro que en pouco tempo irá producindo.

Nesta breve reportaxe de fotografías observamos que a imaxe que proporcionan estas rúas é bastante mala.

Por este motivo lle solicitamos que proceda á retirar esta vexetación dende o propio concello con medios propios ou dende a empresa adxudicataria do servizo de limpeza e recollida de lixo."

- ROGO SOBRE O ESTADO QUE PRESENTA A BEIRARRÚA DA RÚA CALVO SOTELO Á ALTURA DO NÚMERO 120.

"Tal como figura na fotografía que se achega, a beirarrúa que está á altura do número 120 da rúa Calvo Sotelo presenta un importante deterioro dificultando o paso de cadeiras de rodas que a diario transcorren por esa beirarrúa.

Por este motivo lle solicitamos que proceda á súa reparación para facilitar tanto o tránsito de peóns como de cadeiras de rodas ou carriños de bebés que a diario pasan por ela".

6º.- PREGUNTA-ROGO E PREGUNTA PRESENTADAS POR ESCRITO POLO GRUPO DO BNG AO COMEZO DA SESIÓN.

- PREGUNTA-ROGO SOBRE A ILUMINACIÓN DO PARQUE DOS CONDES E AS FAROLAS EXISTENTES NA PASARELA DA GARDERÍA DA PONTE VELLA.

"Xa son varias as persoas que nos preguntan sobre as necesidades de revisar as farolas existentes tanto na pasarela de acceso á Gardería Municipal como da Ponte vella porque deslumbra a medida que se van aproximando a elas.

Motivo polo que lle rogamos que acceda a comprobar tal feito e a corrixilo para mellorar o paso por estas vías.

Por outra banda, tamén nos comentan que nos últimos días a iluminación da pérgola existente no Parque dos Condes entre o estacionamento e o propio xardín non está funcionando. Por este motivo, e entendendo que pode existir unha avaría, rogámoslle que proceda á súa reparación o antes posible para facilitar o paso de peóns por este lugar, especialmente das persoas de maior idade."

- PREGUNTA SOBRE O CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

"Xa son varias as persoas que nos preguntan sobre este contrato e dado que o pasado día 30 de marzo ás 10.00h tivo lugar a apertura en acto público dos sobre B dos licitadores concorrentes ao procedemento para a contratación "SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MODALIDADES DEPEDENTES VALORADOS E PRESTACIÓN BÁSICA DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS (EXP. 001-SERVPA17)". En vista de que xa transcorreron dous meses queremos saber cando vai ter lugar a apertura dos restantes sobres e así poder comezar o novo contrato de Servizo de Axuda no Fogar".

7º.- PREGUNTAS E ROGO PRESENTADOS POR ESCRITO POLO GRUPO DO PP AO COMEZO DA SESIÓN.

- PREGUNTA SOBRE LAS HORAS DE SERVICIO DE AYUDA A DOMICILIO PENDIENTES DE ADJUDICACIÓN.

"Exposición de motivos:

Desde el 4º trimestre de 2016 hasta el primer trimestre del 2017 el número de usuarios del Servicio de Ayuda a Domicilio se ha incrementado de 92 a 93. Las horas asignadas mensualmente ascienden a 4690, mientras que las horas efectivamente prestadas son 4540. Eso quiere decir que existe un número de horas disponibles sin asignar que asciende a 150 horas.

Este Grupo Municipal quiere saber cuales son las razones de que no se esté haciendo uso de ese número de horas, a pesar de que existen personas en espera de que le sea prestado este servicio.

Por tal motivo, formula las siguientes preguntas:

- CUALES SON LAS RAZONES DE QUE NO SE ESTÉ HACIENDO USO DEL NÚMERO DE HORAS DISPONIBLES PARA EL SERVICIO DE AYUDA A DOMICILIO, MIENTRAS EXISTEN PERSONAS QUE DEMANDAN ESTE SERVICIO Y NO SE LES DA RESPUESTA?
- CUANDO SE PIENSA REGULARIZAR ESTA SITUACIÓN?
- SE HA CONTEMPLADO EN LAS BASES DE CONTRATACIÓN DEL SERVICIO, ESTA SITUACIÓN?"

- PREGUNTA SOBRE A POSTA EN FUNCIONAMENTO DO ASCENSOR DA CASA DA CULTURA.

"El edificio de la Casa da Cultura "Lois Pereiro" ubicado en la Plaza de España de nuestra localidad, consta de salón de actos y espacio expositivo en su planta baja, así como, biblioteca y dependencias de la UNED, en sus plantas superiores.

1. Hace años se instaló un ascensor, con el gasto que aquella actuación representó, que nunca llegó a ponerse en funcionamiento, y se encontraba oculto tras un panel.

2. Las actividades culturales y educativas que se realizan en el edificio, no pueden ser desarrolladas por personas con movilidad reducida, por la imposibilidad de acceder a las plantas superiores, donde se ubica la biblioteca y las aulas de la UNED.
3. El presupuesto elevado al pleno para 2016, contemplaba una partida de 20.000 para reposición del ascensor citado.
4. Entre la documentación de la que se da cuenta en este pleno figura un expediente de modificación de crédito 20/2017, que contempla entre otras partidas, la cuantía de 27.525 € para la contratación de instalación de ascensor en la casa de la cultura.
5. Son varias las iniciativas que este grupo tiene presentado en relación a este asunto. Varias las ocasiones en que preguntamos en pleno y fuera de él y se nos dice que la puesta en funcionamiento es inminente.
6. Entre las facturas que cuentan con reparos de intervención en mayo de 2017 figura una de fecha 1.5.2017 por importe de 102 €, correspondiente a la "conservación del ascensor de la casa de la cultura mes mayo 2017"
7. El ascensor, sin embargo, presenta un cartel en su puerta de acceso que indica que está fuera de servicio.
8. Las personas con discapacidad o movilidad reducida que quieren acceder a la biblioteca municipal o a las aulas de la UNED, llevan años esperando por la puesta en funcionamiento de este ascensor. Desde que en a principios del año 2016 este equipo de gobierno se comprometiera a su instalación, pasa año y medio sin que el ascensor esté operativo.

Por lo expuesto, este grupo municipal, eleva al Pleno de la Corporación la siguiente pregunta:

1.- Cuales son las razones de la demora en la puesta en funcionamiento del ascensor de la Casa de la Cultura?

2.- Cuándo va a estar disponible este ascensor para que las personas con discapacidad puedan hacer uso de él para acceder a la biblioteca municipal y a las aulas de la UNED?"

- ROGO SOBRE O PROXECTO DE RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO URBÁN DAS RUAS STA. CLARA, A VEIGA, CHANTADA, JUAN MONTES E PADRE FEIJOO.

"1º/ No Pleno do día de hoxe tense presentado para aprobación un convenio entre a CHMS, a Deputación de Lugo e o Concello de Monforte, para a financiación, execución e entrega das obras do proxecto de renovación da rede de saneamento urbán das Rúas Sta. Clara, A Veiga, Chantada, Juan Montes e Padre Feijoo.

2º/O pasado 19.11.2015, a Interventora informou -en relación a renovación da rede de auga potable das rúas Corredoira, Irmáns Dapena e Padre José de Garabantes,- que consideraba "*que con carácter previo á contratación debería incorporarse ao expediente informe técnico relativo a si a obra que se licita pode estar no ámbito do obxeto do contrato de concesión para a xestión da auga potable e depuración suscrito con Aqualia S.A., que inclúe o mantemento das conduccións como unha das obrigas desta empresa, dado que se trata dunha reposición de conduccións previamente existentes polo tanto sería esta mercantil quen debera executar a obra ou de ser o caso repercutirllo o coste da mesma*".

3º/ As obras que se van executar para a renovación da rede de saneamento urbán das Rúas Sta. Clara, A Veiga, Chantada, Juan Montes e Padre Feijoo, poden tamén estar no ámbito do obxeto do contrato de concesión para a xestión do abastecemento e saneamento suscrito con Aqualia, toda vez que a empresa non ten acometido as obras de renovación e sustitución das conduccións deterioradas ou averiadas, como establece o art. 26.4 do prego de condicións cando sinala:

"Las obras de mantenimiento y conservación de conducciones e instalaciones, así como las de renovación y/o sustitución de conducciones e instalaciones deterioradas o averiadas serán del cuenta del concesionario."

A fin de determinar si as obras a acometer se atopan no ámbito do contrato sinalado, por si correspondera a entidade Aqualia repercutirlle o custe da mesma, e polo que, este grupo formula o seguinte, ROGO:

Que por parte dos servicios de Intervención e pola Técnica de Servizos, ***se emitan informes relativos a si a obra que se pretende acometer pode estar no ámbito do obxeto do contrato de concesión para a xestión da auga potable e depuración suscrito con Aqualia S.A., que inclúe o mantemento das conduccións como unha das obrigas desta empresa, dado que se trata dunha reposición de conduccións previamente existentes, e si polo tanto sería procedente repercutirlle o custe da mesma."***

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo as cero horas e dez minutos do seguinte día, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e pr.
O Alcalde,

CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS - SECRETARIA -